

Problemas aritméticos

Unidade 1: Os números e a súa utilidade I

Aula

Obxectivos:

- Utilizar as fraccións para resolver problemas

Exercicios

1. Sábese que as $\frac{2}{5}$ partes do alumnado dunha clase son 10. Cantos hai en total?

2. Alexandre conta dende a súa casa ao instituto 630 pasos. Se cada paso mide $\frac{3}{5}$ de metro. Que distancia haberá?

3. Cantos litros de refresco hai que comprar para os 27 alumnos e alumnas dunha clase se cada un bebe 2 botes de $\frac{1}{3}$ de litro?

4. Que parte é a metade da metade dunha cantidade? E a terceira parte da terceira parte?

5. Un pai dálle os $\frac{2}{3}$ dos $\frac{3}{4}$ dos cartos que levaba a unha filla e, ó seu irmá, o resto. Quen levou máis dos dous?
6. Nunha tenda venderon 81 camisas, $\frac{2}{3}$ delas a 39€ cada unha e o resto a 48€. Canto obtiveron pola súa venda?
7. Dous rapaces van de excursión. O primeiro día percorren $\frac{2}{5}$ do traxecto, o segundo día $\frac{1}{3}$ e o terceiro os 24 Km. restantes.
- Expresa o traxecto que lles queda por percorrer o terceiro día en forma de expresión combinada.
 - Calcula a fracción correspondente
 - Cantos Km andaron en total.